

# LUDOTECA

1-2-8-9-16-22-23-29 AGOSTO

Os xoves e venres de Agosto no local multiusos da praza de abastos

11:00 a 14:00 hs

- Nen@s de 4 a 11 anos
- 1 entrada = 1 hora de ludoteca gratis
- Entrada e saída as horas en punto :  
Entrada \_ 11:00 / 12:00 / 13:00  
Saída \_ 12:00 / 13:00 / 14:00

ESTA DESPEDIDA

VENRES 30  
AGOSTO  
11:00 / 14:00

Obradoiros + Actividades  
infantis + sorteos

ENTRADA LIBRE

Entre o 22 de xullo e o 28 de agosto, merca nos establecementos participantes e consegue as entradas por compras superiores a 20 € (máximo 1 por compra)

ADEMAIS  
PARTICIPA NO  
SORTEO DE  
2 PREMIOS DE  
100 € PARA  
A VOLTA O  
COLE

Sorteamos 100 € entre todas as entradas utilizadas na Ludoteca

Non vas usar a LUDOTECA?  
Pois tamén podes ter premio!!!

Deposita teu tique de compra dos establecementos participantes co teu nome, apelidos e teléfono na urna que hai á entrada da Ludoteca e participa no sorteo de 100 €

Ambos sorteos serán presenciais e celebraranse xunto coa festa de despedida no local da Ludoteca o venres 30 de agosto ás 13:30 h

# LUDOTECA

## NORMAS DE UTILIZACIÓN

Dirixido a nen@s entre 4 e 11 anos, a LUDOTECA DA ABE permitirá deixar aos pequenos da casa nunha zona de xogo baixo a vixilancia de monitores, onde poderán realizar actividades lúdicas e didácticas, participar en xogos, talleres, manualidades etc...

O horario é de 11.00 a 14.00 h. os xoves e venres de agosto (non inclúe festivos).

A ludoteca é gratuíta pero precisase obter a entrada previamente mercando nos establecementos participantes asociados á ABE entre o 22 de xullo ao 28 de agosto. Por compras superiores a 20 € entrégase unha entrada de 1 hora (máximo 1 por compra).

A entrada á Ludoteca soamente se pode efectuar ás horas en punto (hai 3 quendas, 11:00 / 12:00 / 13:00) ao final das quendas (se hai nen@s na cola) vaciarase a ludoteca e se os pais queren que os nenos repitan teñen que facer cola novamente e utilizar unha nova entrada. (Se non hai cola non fai falta saír, os nen@s poden repetir utilizando outra entrada)

En caso de producirse retraso na recollida dos nen@s facultará a ABE para restrinxir o acceso á Ludoteca.

O aforo máximo da instalación é de 30 nen@s.

Os adultos non poden acceder ás instalacións da Ludoteca e deben permanecer localizables mediante un móbil de contacto.

O uso dos servizos, equipamento e instalacións están condicionados a que o adulto que deixa ao nen@ cubra unha ficha indicando; nome do menor, nome e DNI do adulto que o entrega e nome do adulto que o recolle. Solo poderá recoller ao neno a persoa que indica a ficha do menor. Para recollelo é imprescindible presentar o DNI.

No se permitirá entrar con comida ou bebidas.

A Ludoteca non se fai responsable das posibles enfermidades e alerxias que púida padecer o menor. Por favor informe aos monitores previamente.

Respectarase en todo momento o criterio dos educadores para o bo funcionamento do servizo.



boiroaberto



Boiro Aberto



[www.abe.gal](http://www.abe.gal)